

MEMORIA DE ALCALDÍA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018

A Alcaldesa-Presidenta que subscribe, a fin de dar cumprimento ó disposto polos artigos 168.1 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e 18.1 a) do R.D. 500/90 do 20 de abril, formula a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento para o exercicio 2018, así como das modificacións máis salientables que experimenta, en relación co orzamento do exercicio de 2.017.

Os orzamentos municipais deste Concello para o exercicio 2018 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir devanditos gastos.

Así, o Orzamento para 2018 ascende a **9.480.259,60 €**, o que supón un aumento de 511.653,90 € con respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior.

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.195.414,54 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.535.376,99 €
1	Gastos do Persoal	3.878.255,66 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.258.555,00 €
3	Gastos financeiros	6.042,57 €
4	Transferencias correntes	324.654,26 €
5	Fondo de continxencia	67.869,50 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	660.037,55 €
6	Investimentos reais	655.035,55 €
7	Transferencias de capital	5.002,00 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	284.845,06 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	262.845,06 €
TOTAL GASTOS		9.480.259,60 €

Capítulo I: Gastos de persoal

Con respecto ao gasto de persoal existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 3.878.255,66

euros.

Considerando que o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018 todavía non foi aprobado e que polo tanto está prorrogada a LPGE de 2017 até a aprobación e publicación da LPGE 2018 no BOE, o artigo 22 da Lei 3/2017 para 2017 regula un incremento salarial aplicable aos empregados públicos para o exercicio 2017, polo que resultando a súa vixencia anual, a mesma esgotarase en 2017, non podendo orzarse devandito aumento retributivo de cara ao 2018.

En consecuencia, as retribucións dos empregados públicos quedan conxeladas nas contías vixentes en 2017.

No entanto, co fin de recoller no Orzamento posibles incrementos nas retribucións para o exercicio 2018 que dispuxese a futura LPGE-2018, consígnase o importe equivalente a cantidade máxima de incremento prevista no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018 -1,75 %- no capítulo V de gastos, do Fondo de Continxencia, para financiar con ese crédito as futuras modificacións no capítulo I de gastos de persoal.

A diferenza existente entre o importe ao que ascendía o Capítulo I do Orzamento 2017 (4.084.485,51 €) e o importe consignado no mesmo capítulo do Orzamento 2018 (3.878.255,66 €) débese a que no orzamento inicial 2017 consignouse o crédito destinado á contratación do persoal do Plan Concellos e financiado pola Deputación Provincial (que ascendía a 202.101,65 €).

Polo tanto, o importe ao que ascende cada unha das aplicacións orzamentarias do Capítulo I do estado de gastos é o resultante da aplicación das mesmas cuantías que no exercicio anterior, a excepción das adecuacións retributivas -tanto á alza como á baixa- resultantes da entrada en vigor o 01/06/2017 da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados e que neste exercicio xa afectan ao importe total anual, de ahí as pequenas diferenzas nalgunhas aplicacións.

Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos

O importe do gasto en bens correntes e servizos do Capítulo II consignado no Orzamento Municipal de 2018 ascende a un importe de 4.258.555,00 euros, o cal supón un lixeiro incremento con respecto a este mesmo gasto no Orzamento Municipal anterior (4.172.826,55 euros).

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles á Corporación.

Capítulo III: Gastos financeiros

Os gastos financeiros recollidos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses e gastos dos préstamos contratados pola Entidade. O importe total consignado neste capítulo ascende a 6.042,57 euros, o cal supón un ano mais un decremento con respecto ao Orzamento Municipal anterior (7.138,21 euros).

Capítulo IV: Transferencias correntes

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes.

Con respecto ao consignado no exercicio anterior, engádese neste orzamento unha aplicación orzamentaria, a 231/48901, cunha consignación de 16.000,00 euros, para dar cobertura a unha subvención nominativa á Asociación Esperanza Salnés. Así mesmo engádese a aplicación orzamentaria 338/48900 destinada a “Premios festas populares” por importe de 9.000,00 euros, para dar cobertura aos gastos correspondentes a premios concedidos por este Concello con motivo do entroido ou o festival dos maíos.

Prevense créditos totais por importe de 324.654,26 euros, o que supón un moderado incremento con respecto ao orzamentado no 2017 (278.722,98 euros).

Capítulo VI. Investimentos reais

Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2018 investimentos reais por un importe de 10.000,00 euros financiados recursos propios e 645.035,55 € financiados con cargo ao Plan Concellos 2018, o que fai un total de 655.035,55 euros para investimentos neste exercicio.

O resto dos investimentos reais que se están a executar no exercicio co orzamento prorrogado e con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital, son obxecto das oportunas modificacións orzamentarias, polo que o importe deste capítulo poderá verse incrementado na execución do orzamento.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Consígnanse as aplicacións presupostarias que corresponden a particulares polas obras do ARI, (segundo os Convenios asinados para tal fin), á Mancomunidade do

Salnés e á Deputación Provincial para a realización de obras, se ben nestes dos últimos casos, consígnase unha cantidade simbólica para posibles imprevistos, ao igual que en exercicios anteriores.

Capítulo VIII. Activos financeiros

Se recollen as previsións de anticipos ó persoal, manténdose o mesmo importe con respecto ó exercicio anterior.

Capítulo IX. Pasivos financeiros

Consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións dos préstamos concertados polo Concello segundo os datos recollidos no Estado da débeda e que ascende a 262.844,06 €, sendo un importe considerablemente menor ao que se tivo que destinar a amortización de débeda no exercicio anterior (390.429,45 €).

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.458.259,60 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.813.224,05€
1	Impostos directos	2.529.000,00 €
2	Impostos indirectos	165.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.064.702,00 €
4	Transferencias correntes	3.847.022,05 €
5	Ingresos patrimoniais	207.500,00 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	645.035,55 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencia de capital	645.035,55 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	22.000,00 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL INGRESOS		9.480.259,60 €

Capítulo I: Impostos directos

Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóbles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

As previsións recollidas neste capítulo fanse como resultado do análise dos datos de execución dos últimos dous exercicios así como da execución do presente exercicio.

Con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior a previsión é que se manteñan os ingresos nas mesmas cuantías a excepción do recadado polo Imposto de Actividades Económicas no que, de acordo cos datos do exercicio anterior, se estima van a ser superiores aos dos pasados exercicios.

Capítulo II: Impostos indirectos

Este capítulo, no que se recollen os ingresos previstos polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, increméntase con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior, resultante do análise dos datos de execución dos últimos dous exercicios así como da execución do presente exercicio.

Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, ascende a un total de 2.064.702,00 euros, o que supón un incremento do 2,51 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.

Esta cifra de ingreso calcúlase tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual e do recadado no exercicio anterior.

Capítulo VI: Transferencias correntes

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, prevese inferior ao previsto no exercicio anterior, como consecuencia dos menores ingresos previstos na participación nos tributos do Estado.

Así mesmo recóllense neste capítulo as transferencias correntes que se perciben doutras administracións e das cales existe certeza sobre o seu ingreso.

En todo caso, este capítulo poderá verse incrementado ao longo da execución do orzamento como consecuencia da concesión doutras subvencións para gasto corrente que conlevarán o oportuno expediente de xeración de crédito.

Capítulo V: Ingresos patrimoniais

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles, e a previsión neste orzamento é de 207.500,00 euros.

Isto suporá un incremento respecto ao ingreso consignado no Orzamento do exercicio anterior, debido fundamentalmente a que se recolle a previsión dos ingresos que se van a percibir polas renovacións das concesións dos postos da praza de abastos, cuxos expedientes administrativos se continúan a tramitar neste exercicio.

Capítulo VI: Transferencias de capital

Recóllese neste capítulo a previsión dos ingresos a recibir da Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento dos investimentos aprobados no Plan Concellos 2018, por importe total de 645.035,55 euros.

Capítulo VIII: Activos financeiros

Este capítulo recolle os posibles anticipos ó persoal e coincide co importe orzamentado no anterior exercicio.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2018, cuxo importe ascende a 9.480.259,60 euros, acompañado da presente Memoria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE